

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 19/02/1952

Colección:

Data: 19/02/1952

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 19/02/1952

Bos Aires, 19-II-1952

Sr. Don Valentín Paz-Andrade

Estimado amigo:

Teño no meu poder a súa carta data 10 de outono, e un soio exemprar do album "Nós" en vez de dous que vostede me confirma. Véxome pois, na forzada obriga de manifestarlle, que seu amigo portador do encargo, non seupo cumplilo axeitadamente, nin tuvo tampouco intrés en falar connigo. Claro...

Eu conto con eses exemprares que vostede garda, -facéndome o favor grande de os ir mandando aproveitando oportunidades-, para cubrir varias das moitisimas atencións que eiquí levo recibidas, e somentes de ise modo podrei agradecer en parte. Sei ademais, (de elo estou ben segura) de que esta xente sempre tan boa é tan xenerosa, a saber valorar i estimar ese traballo do irmán inesquecido, sendo para min de inmensa satisfacción o poder darlles siquera unha proba da miña sinceira gratitude.

As contas do Banco parece andan un pouco trabucadas, por que non van de acordo a que vostede me deixou, con outras que miñas irmáns me mandaron fai pouco tempo. Nin vagar tiven a repasalas, e poder decirlle en que consiste a diferenca. Será n-outra volta.

Estou bastante doida do proceder do aboagado José Lino Sánchez, pero confío en que algún día podrei falar a gusto...Asombra, o cativo conceuto que teñen algúns homes de diñidade e da amizade.

Supoño que do viaxe a Italia, votlarían encantados e con desexos de recuncar, xa que según din, Roma ben merece unha misa.

Agarimos a Pilar e Alfonsiño, e pra vostede moitisimas gracias e un saudo moi afeutoso da súa amiga,
Virxinia.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.